

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

EXTRACTO da Orde do 11 de maio de 2021 pola que se amplía o crédito da Orde do 14 de xaneiro de 2021 pola que se fixa o crédito para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas para os grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020, e se convocan as correspondentes ao ano 2021, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A).

BDNS (Identif.: 436890).

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

Primeiro. *Beneficiarias*

1.1. Poderán ser beneficiarios dos proxectos de investimento produtivo as persoas físicas ou xurídicas que cumpran os seguintes requisitos:

a) Estar empadroado ou ter o seu domicilio social e fiscal nalgún concello do ámbito territorial do GALP correspondente.

b) Desenvolver o proxecto no mesmo ámbito territorial.

c) Cando o beneficiario sexa unha sociedade de capital, o proxecto deberá adecuarse ao obxecto social que se recolla nos seus estatutos.

d) No caso de municipios densamente poboados nos que na EDLP non computa a totalidade da poboación (só a integrante do sector pesqueiro e as súas familias), poderán ser beneficiarios:

1º. As persoas xurídicas do sector pesqueiro con domicilio social e fiscal no municipio e en cuxo obxecto social figuren actividades propias do sector pesqueiro. No caso de que a persoa xurídica desenvolva actividades noutros sectores, deberán acreditar no momento da solicitude que a maior parte da facturación provén do sector pesqueiro.

CVE-DOG: hrjedev6-lh03-3bp1-ndt4-logzrvyifc91



2º. As persoas físicas integrantes do sector pesqueiro e as súas familias (ver aclaración do termo «familia» na Orde de bases para estes efectos).

3º. As entidades públicas locais cuxos proxectos están dirixidos á poboación integrante do sector pesqueiro ou que presenten beneficios para o resto do territorio da zona pesqueira.

e) Os beneficiarios dos proxectos produtivos limitaranse á categoría de peme (ver anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 da Comisión, do 17 de xuño de 2014), excepto as entidades públicas de carácter local.

f) Non ser unha empresa en crise segundo a definición e condicións establecidas nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crises (2014/C249/01).

2.1. Poderán ser beneficiarios dos proxectos de investimento non produtivo:

a) Confrarías de pescadores e as súas federacións.

b) Asociacións profesionais do sector pesqueiro e as súas federacións.

c) Entidades sen ánimo de lucro integradas só por confrarías de pescadores e/ou asociacións do sector pesqueiro.

d) Entidades públicas locais.

e) Asociacións declaradas de utilidade pública.

f) Entidades sen ánimo de lucro que teñan entre os seus obxectivos, algún dos seguintes:

1º. Fomentar as actividades náuticas.

2º. Promocionar os produtos pesqueiros do territorio.

3º. Fomentar o ambiente mariño e costeiro.

4º. Promover o patrimonio cultural marítimo pesqueiro.



2.2. Nos municipios densamente poboados nos que na EDLP non computa a totalidade da poboación, poderán ser beneficiarias as entidades indicadas nas letras a), b), c) e d) do punto anterior, cuxos proxectos están dirixidos á poboación integrante do sector pesqueiro e as súas familias, ou que presenten beneficios para o resto do territorio da zona pesqueira.

2.3. Ademais, as entidades cumprirán os seguintes requisitos:

- a) Ter o seu domicilio social e fiscal no ámbito territorial do GALP correspondente.
- b) Desenvolver o proxecto no mesmo ámbito territorial.

Segundo. *Finalidade*

O obxecto desta orde é ampliar o crédito autorizado para a convocatoria de 2021, de acordo co establecido no artigo 16 da Orde de 21 de decembro de 2018 (DOG núm. 22, do 31 de xaneiro de 2019) que establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 21 de decembro de 2018 (DOG núm. 22, do 31 de xaneiro de 2019) establece as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca 2014-2020.

Cuarto. *Importe*

O crédito orzamentario para as solicitudes de axuda tramitadas durante o exercicio do ano 2021 e a plurianualidade asociada ás axudas que se podían conceder neste, acadaba o importe de quince millóns trescentos mil euros (15.300.000,00 €), repartidos nas seguintes anualidades e partidas orzamentarias:

Partida orzamentaria	2021	2022	Total
15.03. 723C .770.0	6.000.000,00	6.000.000,00	12.000.000,00
15.03. 723C.780.0	1.500.000,00	1.800.000,00	3.300.000,00
Total	7.500.000,00	7.800.000,00	15.300.000,00



Logo da ampliación do crédito máximo autorizado para proxectos non produtivos. O crédito orzamentario para as solicitudes de axuda tramitadas durante o exercicio do ano 2021 e a plurianualidade asociada ás axudas que se poden conceder neste, acada o importe de dezaseis millóns doce mil euros (16.012.000,00 €), repartidos nas seguintes anualidades e partidas orzamentarias:

Partida orzamentaria	2021	2022	Total
15.03. 723C .770.0	6.000.000,00	6.000.000,00	12.000.000,00
15.03. 723C.780.0	2.200.000,00	1.812.000,00	4.012.000,00
Total	8.200.000,00	7.812.000,00	16.012.000,00

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Esta modificación non afecta ao prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2021

Silvia Cortiñas Fernández
Secretaria xeral técnica da Consellería do Mar

